



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 27 DE MARZO DE 2012

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia os señores Alberto Valderruten e Emilio Lage Rodríguez e a señora Ana Iglesias Galdo.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o Reitor dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O reitor abre o seu informe dando conta da reunión da CRUE do día 26 de marzo. Nela informouse sobre as medidas de defensa xudicial da denominación do título de Enxeñaría da Edificación (estase traballando no recurso de amparo perante o TC da propia CRUE, e vannos enviar o borrador para facer alegacións), así como sobre o novo enfoque da aplicación da lei de avogacía por parte do novo goberno; tamén se comentou a situación das universidades ante o Real decreto-lei do 30 de decembro de 2011.

O reitor indica que mañá mesmo hai reunión ordinaria do Consello Galego de Universidades, a que, entre outros asuntos, van para o seu informe dous anteproxectos de lei, o do sistema universitario galego e o de fomento da investigación e a innovación. Sinala que o primeiro texto foi publicado na web da Consellaría o 22 de marzo pola tarde. O día 23 a universidade enviou o vínculo a toda a comunidade universitaria, para que poida facer alegacións no prazo de 10 días sinalado pola Consellaría.

Finalmente, o reitor saúda a incorporación do novo xerente, Juan Díaz Villoslada, ao Consello de Goberno e á propia Universidade.

A continuación, cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, para que informe das actividades do seu ramo.

O vicerreitor informa que dona Bertha Guijarro Berdiñas foi nomeada coordinadora do CITIC, cargo que leva ocupando desde o un de marzo de 2012.



Desde a UDC presentáronse 101 solicitudes para a convocatoria de proxectos do Plan Nacional do Ministerio de Economía e Competitividade (MINECO) (fronte ás 67 de 2011 e ás 82 de 2010), o que sinala unha clara tendencia crecente dos nosos grupos de investigación á captación de fondos en convocatorias competitivas.

O 23 de febreiro e o 6 de marzo de 2012 realizáronse dúas xuntanzas cos grupos de investigación da UDC interesados en pertencer ao INIBIC. Isto encádrase na solicitude do INIBIC para a súa acreditación como Instituto de Investigación Sanitaria (convocatoria do ICSCIII –Instituto de Ciencias da Saúde Carlos III). As dúas institucións implicadas no INIBIC (UDC e CHUAC) teñen un crecente interese por afondar na interrelación entre os grupos de investigación de ambas as institucións a través do INIBIC. Nestes momentos hai uns 15 grupos de investigación da UDC en fase de incorporación ao INIBIC e participando no proxecto de plano científico para os próximos anos.

En relación coa orde de bases das axudas para grupos, redes e agrupacións estratéxicas da Xunta de Galicia, o 28 de febreiro de 2012 realizouse unha reunión cos grupos de investigación da UDC para pedir a súa opinión e planificar as estratexias da UDC de cara á convocatoria que sairá publicada en breve. Como consecuencia disto enviáronse abundantes suxestións á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria respecto da interpretación das bases publicadas. Os formularios de solicitude xa foron publicados na web da Xunta (mais aínda non se publicou a convocatoria). Esa información foi difundida a todos os investigadores da UDC.

Estase a traballar coas outras dúas universidades galegas nun novo regulamento de doutoramento, así como no regulamento que dea cobertura ás escolas de doutoramento na UDC.

O día 21 de marzo de 2012 tivo lugar en Madrid unha reunión da sectorial de I+D+i da CRUE. Estiveron presentes: Carmen Vela (secretaria de Estado de I+D+i do MINECO), Juan M.^a Vázquez Rojas (director xeral de Investigación Científica e Técnica do MINECO), M.^a Amparo Camarero (secretaria xeral de Universidades do MECED), Federico Morán (director xeral de Política Universitaria do MECED) e outros subdirectores xerais do MINECO e o MECED.

A modo de resumo cabe subliñar que ata despois do 30 de marzo (orzamentos xerais do Estado) non poden concretar os recortes que haberá nas convocatorias, mais, aínda así, as convocatorias de recursos humanos



(FPU, FPI, RyC, JdIC) serán publicadas de aquí a xuño. Nas FPI e FPU convocarán as mesmas prazas, mais nas outras (RyC e JdIC) haberá recortes. A convocatoria das FPU sairá publicada nun prazo de unha a dúas semanas. Haberá cambios no proceso de avaliación das FPU: (a) comisións do mesmo tipo que antes (mais dentro da ANECA); (b) farán unha preselección dos mellores candidatos baseándose no currículo (sobre todo, o expediente) da persoa solicitante (estudante de doutoramento) máis o feito de que estea nun doutoramento coa mención de excelencia. Na preselección escolleranse até 3 persoas por área ANEP de cada universidade. Estas persoas preseleccionadas serán avaliadas na segunda fase atendendo tamén ao resto de criterios. Este sistema de cotas por universidades pode ser unha boa oportunidade para a UDC se os candidatos con expedientes excelentes se concentrasen nos programas de doutoramento con mención de excelencia do seu ámbito (sexan ou non interuniversitarios).

Nos “novos” Erasmus Mundus, o director xeral fixo fincapé en axudas deste programa para (a) mestrados e doutoramentos de excelencia; (b) redes de mobilidade posdout; (c) promoción do espazo de educación superior europeo.

O MINECO ten intención de vincular o programa I3 ao programa RyC.

Tamén se sinala que houbo un incremento moi importante de solicitudes de proxectos do plan nacional, cun total de 8.000 solicitudes de proxectos.

A secretaria de Estado fixou como prioridade manter os recursos humanos, sinalando tamén outras prioridades como a eficiencia e a excelencia.

Aumentarase as achegas privadas en Ciencia (o proxecto de Lei de mecenado vai ser presentado en breve).

Os Estatutos da nova Axencia Estatal de Investigación estarán listos a principios de xuño. A Axencia como tal porase en marcha a comezos de 2013.

Desde o MINECO insistiuse moito en concorrer a convocatorias europeas (nomeadamente os Starting Grants e, sobre todo, o Advanced Grants).

Exhortóusenos a que desde as vicerreitorías de Investigación: (a) animemos os nosos bos investigadores a que se rexistren na web para ser avaliadores en programas da Unión Europea; (b) que acepten formar



parte dos *advisory committees*; (c) que soliciten máis proxectos europeos (tamén do ERC), pois estes últimos 18 meses do sétimo programa cadro poden ser unha moi boa oportunidade de obter financiamento.

Finalmente, o vicerreitor sinala que a Comisión de Investigación da UDC se reuniu o pasado venres, 23 de marzo, mais tivo que ser interrompida tras dúas horas, por mor do acto solemne programado ese mesmo día, e continuará o vindeiro venres. No transcurso desta primeira parte da reunión acordouse abrir o prazo para a actualización do catálogo de investigación, que estará aberto ata finais de maio e discutiuse o procedemento para a avaliación das solicitudes de contratos predoutorais da UDC. Este ano houbo 81 solicitudes novas e 4 de renovación (estas últimas xa resoltas) en relación cos 20 contratos ofertados. As de novas adxudicación serán resoltas pola Comisión previsiblemente o vindeiro venres. Expuxéronse tamén as propostas de convocatorias de axudas de investigación da UDC e de avaliación plurianual de grupos de investigación da UDC. A Comisión tomará unha decisión sobre estas previsiblemente o vindeiro venres.

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, quen informa da reunión que tivo lugar o día 21 de marzo cos directores e decanos de centros e coordinadores de titulacións para afrontar a estratexia de reforzamento das nosas titulacións, de cara á aplicación do vixente Decreto de titulacións da Xunta de Galicia. Tamén comenta os problemas de adaptación ao protocolo de determinación das medias dos expedientes académicos en base 10 (e non en base 4), adoptado pola Xunta de Galicia. Anuncia que se vai enviar unha circular aos centros para regular esa adaptación das medias e a súa incorporación aos expedientes.

Para a información dos membros do Consello de Goberno, a vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación dá conta das seguintes actividades desenvolvidas desde o último Consello de Goberno de febreiro.

Asináronse unha serie de convenios, que figuran na documentación do Punto 3 deste Consello de Goberno, tanto en materia de cooperación e voluntariado como de relacións internacionais para a mobilidade do programa Erasmus (convenios LLP).

En canto ás convocatorias de axudas propias publicadas, cita a convocatoria de prazas de mobilidade internacional para estudantes para o curso 2012/2013, que incrementa ata 500 prazas as previstas para os programas Erasmus e Mobilidade Bilateral e o Programa de axudas a estudantes iberoamericanos para facer estudos de mestrado na UDC.



Pecháronse, por se esgotar o orzamento, as convocatorias Erasmus STA e STT, de profesorado e PAS, destinadas a financiar estadias breves de profesores da UDC con fins de docencia en universidades integradas no Programa Erasmus e de persoal de administración e servizos en unidades de xestión desas universidades. Nas dúas modalidades acadáronse as mellores taxas de mobilidade PDI e PAS desde o inicio do programa Erasmus.

Solicitouse participar nos programas de prácticas Leonardo da Vinci para o ano 2012-2013. Na convocatoria de subvencións para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación da Xunta de Galicia (febreiro 2012), a UDC concorre con dous proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Solicitáronse tres accións no programa Jean Monnet, convocatoria 2012. Solicitouse tamén participar, como socios, en dous programas intensivos Erasmus coa Universidade de Rennes (Intensive program in Irish Studies) e coa Universidade de Milano (European Summer School in Industrial Mathematics). Solicitouse unha acción, como socios, no programa Tempus, na convocatoria de 2012, e esta semana presentárase –xa se fixo a expresión de interese– a memoria-programa do Ministerio de Educación, Cultura y Deportes “Ciencia sin Fronteras”, programa de mobilidade internacional en materia en ciencia, tecnoloxía e innovación, para a acollida (nesta primeira fase) de estudantes de grao brasileiros, que dispoñen dunha bolsa do Conselho Nacional de Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico de Brasil no curso 2012-2013.

Finalmente, a Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación acudiu á Feira de Grao e Posgrao de Futuralia (14-17 marzo) en Lisboa, para dar a coñecer a oferta académica da UDC e facer contactos con universidades portuguesas alí representadas.

A vicerreitora de Estudantes, Cultura e Deporte, informa de que a Comisión de Extensión Universitaria do 19 de marzo decidiu aprobar unha aplicación informática para a xestión de bolsas propias. Para experimentar o funcionamento desta, haberá unha primeira convocatoria que se completará cando o sistema estea probado.

Informa da inauguración na NORMAL da exposición Nósomosøn o día 12 de marzo e das actividades anexas.

Así mesmo, informa de que a UDC se encargou da organización do XV Campionato Galego de Deportes Colectivos (febreiro 2012) e do



Campionato Universitario de España de Campo a Través (marzo 2012). Participou na fase internacional de deportes de equipo, no campionato galego universitario de natación (23 nadadores) e no campionato galego de orientación masculino e feminino, en que gañamos en ambas as categorías. No campus de Ferrol estase a rematar coa sala de *fitness*.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informa sobre a reconversión das prazas de asociado LRU da transitoria terceira dos Estatutos en contratos laborais de interinidade a tempo completo, sen concurso, por un ano, prorrogable por outro máis. Trátase de 14 casos de profesores asociados administrativos a tempo completo. Houbo unha reunión dos tres vicerreitores de profesorado sobre este asunto, para pedir a apertura dun novo prazo de acreditación da ACSUG para estes profesores. A ACSUG acordou adiantar a convocatoria ordinaria de acreditación a abril-maio, para que estes profesores se poidan acreditar.

Sobre o problema das incompatibilidades do profesorado asociado a tempo parcial, especialmente no ámbito das prazas de ciencias da saúde, a Xunta pediu que se enviase unha solicitude desde as tres universidades, para que a Consellaría de Facenda adopte a curto prazo a mesma política de compatibilidade que xa aceptou o Ministerio en decembro de 2011.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informa sobre a relación de postos de traballo do PDI a 31 de decembro, previamente informada favorablemente tanto pola COAP como polos representantes dos traballadores e que figura como **anexo III**.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa de que desde o anterior pleno ordinario tiveron lugar dúas reunións da Comisión de Asuntos Económicos deste Consello de Goberno o 14 de febreiro e o 20 de marzo. Nelas a Vicerreitoría de Planificación Económica e Infraestruturas informou da imputación ao exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores por un total de 1.091.391,50 € correspondentes aos informes do Servizo de Intervención V-0001-12, V-0002-12, V-0003-12 e V-0004-12.

Así mesmo, nestas comisións aprobouse a validación de expedientes de gasto por un valor total de 1.117.978,91 €, dos cales 639.707,93 € correspondentes ao informe C-0001-12 do Servizo de Intervención do 07.02.2012 e 478.270,98 € correspondentes ao informe C-0002-12 do Servizo de Intervención do 19.02.2012.



O xerente informa de que a semana pasada tivo as primeiras reunións cos órganos unitarios de representación do PAS, co obxecto de coñecer as cuestións principais que tanto os representantes dos funcionarios, como os do persoal laboral consideran preciso poñer en coñecemento do novo xerente.

De acordo co que está disposto no vixente Regulamento de funcionamento do Comité de Seguraza e Saúde da UDC, o Sr. Reitor procedeu á designación da vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas e do Xerente en substitución, respectivamente, da precedente vicerreitora de Investigación e da anterior xerente, renovándose os restantes membros representantes da Administración da UDC no dito Consello.

Anuncia que, de conformidade coas bases recollidas na Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 28/02/2012 (DOG do 12 de marzo), antes do vindeiro 12 de abril, presentárase diante da Xunta de Galicia a correspondente solicitude de subvención.

Formalizouse a toma de posesión de 11 técnicos de grao medio en informática (grupo 2) o 27 de febreiro de 2012, co que se teñen por rematados os procesos selectivos convocados para prazas do Servizo de Informática e Comunicacions.

Finalmente, informa de que onte, luns, día 26 de marzo, a Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza fixou mediante o Decreto 93/2012 os servizos mínimos vixentes para esta Universidade de cara á folga xeral convocada para o vindeiro xoves 29 de marzo.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2011 e da sesión extraordinaria do 28 de febreiro

O secretario xeral propón dous cambios na acta de 13 de febreiro: corrixir o nome do director da Oficina de Relacións Internacionais, don Fernando Peña López; e na intervención sobre os pregos de subministración do Centro de Investigación Científica Avanzada (CICA) de María Jesús Manso, aclarar a redacción do seguinte xeito:

*“A profesora María Jesús Manso pregunta se a UDC vai publicar unha convocatoria con fondos propios para aqueles proxectos que non gañen en convocatorias estatais ou autonómicas en concorrencia competitiva. Tamén di que recibiu un escrito do vicerreitor de Investigación **pedindo un***



representante do seu departamento na comisión que ha de redactar o prego de condicións para o mobiliario do CICA. Di que é a primeira vez que oficialmente lle consta a existencia do CICA."

Tras a lectura das actas, que estiveron a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, e con eses dous cambios na acta do 13 de febreiro, ambas as actas apróbanse por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo IV**, que se clasifican nesta ocasión en catro convenios marco (4), oito convenios específicos (8) e sesenta e un convenios para prácticas (61) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Límites de prazas nas titulacións da UDC para o curso 2012-2013 aprobadas sen límite no Consello de Goberno do 13 de febreiro

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías toma a palabra para expor a razón de volver traer ao Consello de Goberno a fixación de límites de prazas en determinadas titulacións, que aparecen indicadas en vermello na documentación que se remitiu aos membros do Consello de Goberno: o 22 de febreiro recibíuse un escrito da Consellaría en que se cita unha instrución de setembro de 2011, de conformidade coa cal habería que facer constar en todos os casos o límite de prazas que establecen as memorias de verificación dos títulos.

O vicerreitor sinala algunhas modificacións na proposta remitida aos membros do Consello de Goberno, froito da negociación cos centros. Así, propóñense os límites de 90 e 70 prazas, respectivamente, nos graos de Relacións Laborais e Recursos Humanos da Coruña e Ferrol; 95 no Grao de Socioloxía (proposta consensuada con Socioloxía, que é distinta das 55 prazas que aparecen na memoria de verificación) e 80 no Grao en Turismo.

A decana de Filoloxía expón que a Facultade se postulou onte en contra do límite de prazas, nunha Xunta Extraordinaria de Facultade, por considerar que non é preceptivo, de conformidade coa normativa legal, introducir eses



límites. A Facultade insiste en que os tres graos son comúns, e propón que o límite de prazas se fixe en 175, tomando como base a matrícula real que teñen.

Xosé Portela vota en contra. Os dous representantes de IESGA abstéñense.

O resto do Consello de Goberno aproba por asentimento os límites expostos segundo consta no **anexo V**.

5. Convocatoria de prazas de PDI contratado

Trátase de dúas prazas: unha praza de contratado doutor a tempo completo para a Área de Zooloxía, docencia en Comportamento Animal, e outra de contratado doutor para a Área de Organización de Empresas, con docencia na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (praza de promoción ao abeiro da transitoria terceira dos Estatutos da UDC) segundo figuran no **anexo VI**.

Todas teñen informe favorable da mesa sindical e da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP).

Apróbanse por asentimento.

6. Convocatoria de prazas de PDI funcionario e proposta de tribunais

Trátase de dez prazas de titular de universidade, recollidas no **anexo VII**, que pasaron previamente pola mesa sindical e pola COAP.

O vicerreitor solicita que os tribunais propostos sexan enviados con máis antelación, para poder acreditar o cumprimento das regras de paridade, sexenios etc.

Apróbanse por asentimento as prazas e os seus tribunais, que se incorporan como **anexo VIII**.

7. Cambio de departamento e área de coñecemento

O profesor José Antonio Rodríguez Legarreta, asociado P3, solicitou o cambio de departamento e área de coñecemento desde a Área de Enxeñaría do Terreo (Departamento de Tecnoloxía da Construción) á Área de Enxeñaría Hidráulica, do Departamento de Métodos Matemáticos e de



Representación. Conta cos informes favorables de ambos os departamentos.

Apróbase por asentimento do Consello de Goberno segundo figura no **anexo IX**.

8. Modificación da adscrición funcional de materias de grao

O vicerreitor expón os cambios de adscrición funcional de certas materias básicas dos graos de Enfermaría e Socioloxía, de conformidade coa documentación que se achega como Anexo a esta acta. Os cambios teñen informes favorables da mesa sindical e da COAP.

Apróbanse por asentimento segundo figuran no **anexo X**.

9. Informes sobre anos sabáticos do curso académico 2010/2011

De conformidade coa normativa reguladora dos anos sabáticos, o vicerreitor dá conta do informe das persoas que gozaron dun ano sabático completo durante o curso 2010/2011.

O Consello de Goberno toma razón dos informes presentados e que figuran como **anexo XI**.

10. Venias docentes

Trátase de tres profesores da Escola Universitaria de Enfermaría, que solicitan a *venia docendi* para impartir docencia en tres materias desta titulación. Contan con informe favorable do Departamento de Ciencias da Saúde.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo XII**.

11. Modificación da Normativa de constitución de listaxes de agarda para profesores asociados con contratos de duración non superiores a 6 meses

O vicerreitor expón a proposta de acordo sobre constitución de listaxes de agarda para profesores asociados dos mestrados, sobre todo polos límites de 20 prazas que estableceu a Xunta de Galicia.



Trátase da modificación da cláusula terceira, nos seguintes termos: “*Complementariamente, poderanse convocar concursos específicos para a constitución de listaxes de agarda para a mesma finalidade, cando as circunstancias así o aconsellen*”. Con ela preténdese que non haxa que convocar concursos tan reiteradamente para a cobertura das necesidades docentes vinculadas aos mestrados.

Apróbase por asentimento do Consello de Goberno segundo figura no **anexo XIII**.

12. Normativa pola que se establece a dedicación docente do PDI

O vicerreitor de Profesorado expón as razóns organizativas e económicas que sustentan a proposta de elevar a docencia do profesorado da UDC que actualmente ten unha capacidade docente de 220 horas a 240 horas, dedicación docente máxima que recolle o vixente Real decreto 898/1985, do 30 de abril, de réxime do profesorado universitario.

Para o colectivo de titulares de escola universitaria non doutores/as, colaboradores/as non doutores/as e profesores/as contratados interinos de substitución a tempo completo, a dedicación docente máxima elévase ata 300 horas lectivas. A táboa do anexo I especifica as dedicacións de cada unha das categorías de profesorado.

Esta dedicación dos titulares de escola universitaria non doutores/as, colaboradores/as non doutores/as e profesores/as contratados/as interinos/as de substitución a tempo completo manterase durante un período de tres anos académicos (2012-2015), como parte dun programa para facilitar o remate das teses de doutoramento deste colectivo.

Unha vez exposta a proposta, ábrese unha quenda de intervencións.

María Luisa Sánchez Simón pronúnciase en contra deste punto e contra o seguinte, pedindo que se faga constar na acta o seu voto en contra. Pide que se elimine da proposta a referencia a que foi acordada coa mesa sindical, engade que non se presentou unha memoria económica, nin un estudo de impacto por áreas de coñecemento e que a medida afecta ás condicións de traballo dos profesores e á calidade do seu servizo. Segundo ela, a proposta non se “negociou” cos representantes dos traballadores. Le un texto da Xunta de Persoal de PDI.



Intervén o profesor Luis Castedo para opinar que aumentar a carga de traballo docente non é o máis beneficioso para a calidade universitaria, mais aínda así estaría disposto a asumir a maior carga de traballo, especialmente se se trata de evitar males maiores para a institución. Solicita que se compute con máis claridade a carga de traballo (docencia en mestrados, titorización de traballos de fin de carreira, grao, mestrado etc), e que non se menoscaben os incentivos á actividade investigadora.

Xabier de Salvador di que lle estraña a redacción do texto que se presenta, pois refírese á situación económica actual que atravesamos a Universidade, mais non achega datos sobre esa situación. Pide un plan global para facer fronte a esa eventual situación económica, para que non dea a sensación de “parcheo”. Engade que non hai un estudo de impacto económico da medida, e solicita que o haxa. Sospeita que a medida se vai utilizar para reducir 95 profesores a tempo completo. Solicita que se aclare que non se trata de rescindir contratos, e que se vai manter o cadro de persoal.

A profesora María Jesús Manso pregunta pola dedicación de 120 horas dos axudantes.

O profesor Anxo Calvo considera que se trata dunha medida que fai oficial o que xa se vén facendo habitualmente en moitos centros. Parécelle que o anómalo é que se manteña indefinidamente no tempo unha dedicación reducida adoptada conxunturalmente pola Universidade en 1995. A medida vai a favor da estabilidade orzamentaria, e é prudente, porque queda por debaixo dos topos máximos para o caso dos profesores non doutores, incentivando así a realización de investigación por parte deste colectivo.

Pedro Nogueira coincide en moitas das opinións manifestadas, e solicita que se aumente a información sobre a repercusión da medida, e sobre como se asigna a carga docente, por exemplo, como se computan os exames e avaliación dos traballos de fin de carreira das titulacións en extinción. Insiste en non prexudicar a calidade da docencia.

O reitor toma a palabra para contextualizar a medida proposta no conxunto das políticas que desde hai oito anos se veñen facendo neste ámbito, en especial para compensar o déficit de investigación do noso cadro de persoal de profesorado e lograr un cómputo da dedicación máis equilibrado: así, cita medidas como o cómputo da totalidade de dedicación do Persoal docente investigador, non só a docencia, na PDAI; descontos na dedicación docente a cambio de incentivar a investigación (redacción de teses, IP de proxectos competitivos, sexenios etc.).



O reitor subliña que agora debemos facer fronte aos aumentos de docencia derivados da implementación do EEES nun contexto de conxelación da masa salarial en capítulo I, de aí a xustificación desta medida, para a que pide o apoio do Consello de Goberno.

Xosé Portela súmase á petición de María Luisa Sánchez Simón e pide que se negocie na Xunta de Persoal Docente e Investigador. O vicerreitor replica que se levou á Mesa Sindical, en que están representados a Xunta de PDI Funcionario e o Comité de Empresa de PDI.

O reitor solicita votar o punto, co seguinte resultado:

Votos a favor: 26

Votos en contra: 4

Abstención: 9

O punto queda aprobado segundo figura no **anexo XIV**.

13. Normativa polo que se regulan as medidas incentivadoras para a xubilación voluntaria do profesorado dos corpos docentes universitarios da Universidade da Coruña

O vicerreitor explica os principais puntos da proposta, de conformidade coa documentación achegada que figura como **anexo XV**.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Xabier de Salvador centra a súa intervención nos criterios de selección, cuxa priorización non lle parece racional, os ditos criterios parécenlle discriminatorios e solicita que se alteren.

Rosa Meijide pregunta sobre as condicións legais da prexubilación.

María Jesús Manso está de acordo coa intervención de Xabier de Salvador, e solicita a revisión dos criterios de recoñecemento da condición de profesor honorario.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente replica que se valoraron con moito detemento os criterios e, respecto da docencia, valóranse sobre todo as necesidades da institución, non só os dereitos dos funcionarios, pois trátase dun programa destinado a incentivar a



prexubilación coa finalidade de compensar os desequilibrios do cadro de persoal de PDI.

O reitor expresa as dúbidas do equipo de goberno sobre o mantemento deste programa, que levaron a reconducir a certos criterios o dereito dos profesores a acollerse á prexubilación, para evitar que o exercicio dese dereito na actual conxuntura de carestía no capítulo I e o aumento das necesidades docentes afecte á capacidade da institución para satisfacer as súas misións de servizo público.

Teresa López intervén para dicir que a normativa foi informada favorablemente na COAP, e explica cal é a súa finalidade básica para a institución, que é corrixir os desequilibrios de efectivos docentes entre áreas.

Tras o anterior debate, sométese a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 26

En contra: 2

Abstencións: 11

Apróbase a normativa segundo figura no citado **anexo XV**.

Ao remate deste punto, o reitor auséntase e asume a presidencia do Consello de Goberno, Ricardo Cao Abad, vicerreitor de Investigación e Transferencia.

14. Aprobación da contía das bolsas de estudantes

A vicerreitora de Estudantes, Cultura e Deportes explica que para cumprir o artigo 22 do Regulamento de bolsas da UDC do ano 2007, debe someterse á aprobación do Consello de Goberno a contía das bolsas propias da UDC.

A proposta que non ten modificacións para o curso 2012/2013 respecto ao ano anterior é a seguinte: 9 meses, 8 hh/sm., 360€, 5 meses, 8 hh/sm., 288€, 5 meses, 6 hh/sm., 216€

A proposta foi aprobada pola comisión delegada correspondente.

Apróbase por asentimento.



15. Renovación da Comisión de Estudos Propios de Posgrao

O vicerreitor explica que o artigo 18.1 do Regulamento de estudos propios de posgrao regula esta Comisión e a súa composición.

O vicerreitor propón a seguinte composición:

Presidente: Julio Abalde (vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías)

Secretario: José Antonio Vilar Fernández (adxunto á Vicerreitoría)

Vocais: Jorge Mariño Alfonso (Ámbito de Ciencias da Saúde), Nancy Vázquez Veiga (Ámbito de Humanidades); Luis Esteban Romera Rodríguez (Ámbito Tecnolóxico); Manuel Alberto Gómez Suárez (Ámbito Xurídico-Social); María Antonia Señarís (Ciencias Experimentais) e Teresa Nozal Cantarero (representante dos directores de estudos propios de posgrao).

Apróbase por unanimidade e figura como **anexo XVI**.

16. Designación de membros da Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística

O Plano de Normalización Lingüística da UDC aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de 14 de decembro de 2006 dispón no seu punto cuarto que o Consello de Goberno nomeará unha comisión estable de seguimento do Plano.

Na súa sesión do 12 de maio de 2009, o Consello de Goberno ampliou o número de membros da Comisión e renovou dous dos seus membros.

Na súa reunión do 28 de febreiro de 2012, a Comisión de Seguimento acordou renovar os membros que causaron baixa por distintas circunstancias: Primitivo González López por xubilación; os estudantes Nuria Seoane e Iria Varela, por perderen a súa condición e, no caso de David José Soto Díaz por estar en estada Erasmus; e a PAS Pilar Comesaña Pérez, por pedimento propio.

De conformidade co artigo 3.2 do regulamento interno do Consello de Goberno, propónse ao Consello de Goberno o nomeamento das seguintes persoas para cubriren as anteriores vacantes:



- Representante sector PDI (ámbito tecnolóxico): Ana Jesús López Díaz
- Representantes de estudantes: Emilio Lage Rodríguez, Guillermo Sotillo Louro e Ernesto Vázquez-Rey Farto
- Representante do PAS: Alma Díaz Valerio (Escola Politécnica Superior)

Manuela Pinazas pide que conste que Alma Díaz non foi escollida en representación do PAS.

Apróbase por asentimento.

17. Quenda aberta de intervencións

O reitor abre a quenda aberta de intervencións, en que solicitan intervir os seguintes membros:

O profesor Pedro Nogueira solicita a lectura dunha carta, que achega para que conste en acta, sobre a denominación da titulación de Enxeñaría da Edificación.

O profesor Ignasi Colominas pregunta sobre a situación en que quedan os contratados administrativos a tempo completo. O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente reitéralle a información exposta na súa quenda de informe do punto primeiro.

Manuel Casteleiro pregunta sobre a RPT, reiterándolle tamén o vicerreitor o dito no primeiro punto da orde do día ao respecto.

Anxo Calvo pregunta sobre os servizos mínimos para os centros durante a folga convocada para o día 29 de marzo, e sobre os rumores de peche da Universidade durante a primeira quincena do mes de agosto.

Rosa Meijide pregunta sobre o número mínimo de matriculados/as nas titulacións e tamén se se vai facer unha campaña de promoción da nosa oferta académica. A vicerreitora de Estudantes, Deporte e Cultura lembra que as campañas de difusión se fan con regularidade desde hai anos, tanto no ámbito local como internacional, se ben a difusión internacional queda asumida agora pola Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación e, a continuación, explica detalladamente os distintos mecanismos e programas de que dispón a UDC para a difusión das titulacións de grao e mestrado.



Miguel Muñoz fala no nome Arsenio Ferraces, quen pide notificación do acordo do Consello de Goberno. O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente replica que xa lle foi practicada a notificación en tempo e forma.

Xosé Portela comenta o peche en agosto. Di que aos representantes dos traballadores non lles consta, e sinala os aspectos legais que deben satisfacerse para a súa adopción. Sobre a folga, di que se se abre a porta dun centro, quen a abra asume a responsabilidade correspondente. Di que seguen esperando pola RPT de persoal laboral. Pregunta pola toma de posesión na categoría de grupo III informática. Insta a comunidade universitaria a ir á folga xeral.

Sobre o peche da Universidade na primeira quincena do mes de agosto, o xerente indica que é unha medida organizativa en fase de estudo. É consciente dos trámites que deben satisfacerse para a súa adopción, e manifesta a súa intención de consensuar cos representantes do traballadores a modificación da instrución de 2006.

Sergio Santos del Riego pregunta, que órgano Colexiado aproba os POD dos mestrados oficiais? O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías di que a política é ir á liña de que sexa o mesmo órgano que asigna a docencia de grao, aínda que non sexa así agora. Sobre a web, pregunta se está previsto aloxar as webs de centros e departamentos na web institucional da UDC. O vicerreitor confirma esa idea.

Amelia Fraga pide sensibilidade cara ao alumnado no peche no mes de agosto, para non prexudicar a vontade de estudo dos estudantes. Súmase á idea de apoiar a folga xeral do xoves, e espera que non haxa ningunha represalia aos estudantes por exercerem o seu dereito.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:13 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e prace do presidente.

O secretario xeral

Visto e prace
O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito